

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 12, 1-11

Seis días antes da Pascua, foi Xesús a Betania, onde estaba Lázaro, a quen resucitara de entre os mortos. Fixéronlle alí unha cea. Marta servía, mentres que Lázaro era un dos comensais.

Entón María, collendo unha libra de perfume de nardo puro, de moito prezo, unxiu os pés de Xesús e enxugoullos cos seus cabelos. A casa quedou chea do recendo do perfume.

Pero Xudas, o Iscariote, un dos seus discípulos, o que o había de entregar, dixo:

– «¿Por que non se vendeu ese perfume por trescentos denarios, e non se lles deron ós pobres?»

Dixo isto non porque tivese interese polos pobres, senón porque era ladrón e, tendo el a bolsa, botaba man do que se metía nela.

Pero Xesús replicou:

– «Déixaa estar: que garde isto para o día do meu enterro; pois ós pobres sempre os tedes entre vós, mentres que a min non sempre me ides ter.»

Unha chea de xente de entre os xudeus soubo entón que el estaba alí e viñeron non só por Xesús, senón tamén para veren a Lázaro, a quen resucitara de entre os mortos. Pero os sumos sacerdotes decidiron matar tamén a Lázaro, pois moitos, por causa del, fuxían dos xudeus e crían en Xesús.